



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Informática: Novas tecnoloxías aplicadas ao dereito

Materia	Informática: Novas tecnoloxías aplicadas ao dereito			
Código	V08G081V01101			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Informática			
Coordinador/a	Rodríguez Damian, Amparo			
Profesorado	Ibáñez Paz, Regina Rodríguez Damian, Amparo			
Correo-e	damian@uvigo.es			
Web	<a href="http://fatic.uvigo.es">http://fatic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	Fornecer aos xuristas das ferramentas e os coñecementos apropiados para saber resolver, na práctica profesional, os problemas relacionados co uso das novas tecnoloxías. As competencias básicas adquiridas serán de gran utilidade aos alumnos, tanto para os seus estudos universitarios, como para o seu futuro exercicio profesional, no ámbito público ou privado.			

## Competencias

Código			
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.		
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.		
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.		
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.		
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.		
C22	CE28 - Dominar as novas tecnoloxías aplicadas ao dereito		
C23	CE29 - Ser capaz de manexar fontes xurídicas informatizadas		
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.		
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.		
D4	Capacidade de comportarse de maneira ética e con responsabilidade social como cidadán e como profesional, respectando a diversidade e multiculturalidade.		

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Coñecer e comprender os principios e conceptos básicos de Informática e a súa relación co Dereito.	A1	C22	D4
	A3		
	A4		
	A5		

Desenvolver habilidades e destrezas para a procura e tratamento da información xurídica.	A2 A4 A5	C22 C23	
Manexar ferramentas informáticas apropiadas para o desenvolvemento profesional no ámbito xurídico.	A2 A4 A5	C22	D1 D3
Desenvolver a capacidade para traballar, colaborar e cooperar en contornas dixitais.	A2 A4 A5	C22	D1 D3 D4

## Contidos

### Tema

#### CONTIDOS TEÓRICOS.

Relación entre informática e Dereito.	1.1. Introducción. 1.2. Informática xurídica. 1.3. Dereito informático. 1.4. Informática forense.
Compoñentes dun sistema informático.	2.1. Definición e elementos dun sistema informático. 2.2. Estrutura dos computadores
Aplicacións informáticas. Uso de software.	3.1. Introducción. 3.2. Aplicacións de usuario. 3.3. Programas específicos para avogados. 3.3.1. Bases de datos xurídicas. 3.3.2. Xestión de despachos de avogados.
Novas tecnoloxías de información e comunicación.	4.1. Redes de Computadores. 4.2. Internet.
A seguridade nos computadores.	5.1. Conceptos básicos de seguridade informática. 5.2. Configuración segura dun computador. 5.3. Seguridade na rede.

#### CONTIDOS PRÁCTICOS.

Novas tecnoloxías para a procura de información (informática xurídica documental).	Bases de datos xurídicas. Outras fontes de información xurídica.
Aplicacións informáticas específicas para o exercicio profesional no ámbito do Dereito.	Procesador de textos. Folla de Cálculo.
Habilidades para o uso dos recursos proporcionados polas redes de computadores	Ferramentas de ofimática en liña. Ferramentas colaborativas.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	12	41.75	53.75
Seminario	18	15	33
Presentación	6.5	3.25	9.75
Lección maxistral	9	12	21
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	8	10
Exame de preguntas obxectivas	4.5	18	22.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Realización de exercicios prácticos para adquirir habilidades no manexo das ferramentas TIC.
Seminario	Seminarios específicos para a configuración e o uso de recursos proporcionados polas redes.
Presentación	Presentación de actividades realizadas en grupos que requiren a participación activa e a colaboración entre os estudantes.
Lección maxistral	Exposición de contidos conceptuais. Cada unidade temática e ferramenta informática empregada na parte práctica será presentada polo profesor con base na bibliografía asignada ou outra pertinente.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Lección maxistral	Serán varias as estratexias que poñamos a disposición do alumnado para seguir con éxito o desenvolvemento personalizado da materia: Durante a realización dos exercicios o alumnado poderá comprobar se o seu traballo é correcto a través de modelos comparativos. Nas Titorías grupais o alumnado pode ir comprobando a evolución na aprendizaxe mediante a retroalimentación do proceso participando na avaliación do traballo realizada. O alumnado disporá de probas de autoavaliación co fin de reflexionar de forma sistemática sobre o que estamos facendo, os avances sobre o aprendido, e a funcionalidade práctica dos contidos impartidos.
Resolución de problemas	Serán varias as estratexias que poñamos a disposición do alumnado para seguir con éxito o desenvolvemento personalizado da materia: Durante a realización dos exercicios o alumnado poderá comprobar se o seu traballo é correcto a través de modelos comparativos. Nas Titorías grupais o alumnado pode ir comprobando a evolución na aprendizaxe mediante a retroalimentación do proceso participando na avaliación do traballo realizada. O alumnado disporá de probas de autoavaliación co fin de reflexionar de forma sistemática sobre o que estamos facendo, os avances sobre o aprendido, e a funcionalidade práctica dos contidos impartidos.
Seminario	Serán varias as estratexias que poñamos a disposición do alumnado para seguir con éxito o desenvolvemento personalizado da materia: Durante a realización dos exercicios o alumnado poderá comprobar se o seu traballo é correcto a través de modelos comparativos. Nas Titorías grupais o alumnado pode ir comprobando a evolución na aprendizaxe mediante a retroalimentación do proceso participando na avaliación do traballo realizada. O alumnado disporá de probas de autoavaliación co fin de reflexionar de forma sistemática sobre o que estamos facendo, os avances sobre o aprendido, e a funcionalidade práctica dos contidos impartidos.
Presentación	Serán varias as estratexias que poñamos a disposición do alumnado para seguir con éxito o desenvolvemento personalizado da materia: Durante a realización dos exercicios o alumnado poderá comprobar se o seu traballo é correcto a través de modelos comparativos. Nas Titorías grupais o alumnado pode ir comprobando a evolución na aprendizaxe mediante a retroalimentación do proceso participando na avaliación do traballo realizada. O alumnado disporá de probas de autoavaliación co fin de reflexionar de forma sistemática sobre o que estamos facendo, os avances sobre o aprendido, e a funcionalidade práctica dos contidos impartidos.

## Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Resolución de problemas e/ou exercicios	A avaliación de certas actividades realizarase empregando rúbricas. Resultado de aprendizaxe:  - Manexar ferramentas informáticas apropiadas para o desenvolvemento profesional no ámbito xurídico. - Desenvolver a capacidade para traballar, colaborar e cooperar en contornas dixitais.	50	A1 A2 A3 A4 A5	C22 C23	D1 D3 D4
Exame de preguntas obxectivas	Realizaranse cuestionarios de autoevaluación para validar a adquisición de competencias por parte do alumno. Realizarase un cuestionario ao finalizar cada un dos temas de teoría e para determinadas sesións deresolución de problemas e exercicios. Resultado de aprendizaxe:  - Coñecer e comprender os principios e conceptos básicos de Informática e a súa relación co Dereito. - Desenvolver habilidades e destrezas para a procura e tratamento da información xurídica. - Manexar ferramentas informáticas apropiadas para o desenvolvemento profesional no ámbito xurídico.	50	A1 A2 A3 A4 A5	C22 C23	D1 D4

## Outros comentarios sobre a Avaliación

Lémbrese a todo o alumnado a prohibición do uso de dispositivos móbiles ou computadores portátiles en exercicios, prácticas e probas, en cumprimento del artigo 13.2.d) do Estatuto do Estudante Universitario, relativo aos deberes do estudiantado universitario, que establece o deber de "Absterse da utilización ou cooperación en procedementos fraudulentos nas probas de avaliación, nos traballos que se realicen ou en documentos oficiais da universidade."

A materia divídese en dúas partes: Teoría (20%) e Práctica (80%).

A parte práctica divídese á súa vez en 4 bloques: fontes xurídicas (15%) + procesador de textos avanzado (15%) + folla de cálculo (15%) + ferramentas para o traballo colaborativo (35%).

A nota final obterase, a aplicando a seguinte fórmula para o cálculo da media ponderada:

Nota teoría x 20% + nota fontes xurídicas x 15% + nota procesador avanzado x 15% nota folla de cálculo x 15% nota ferramentas colaborativas x 35%.

Será necesario, para poder aplicar esta fórmula, obter unha cualificación mínima de 4 en cada unha dos bloques nos que se divide a materia. Para superar a materia o alumno debe obter, como nota final, unha cualificación igual ou superior a 5.

**No caso de que a cualificación final sexa igual ou superior a 5, pero algunha das partes estea suspensa, a cualificación final será de 4.**

### **Avaliación.**

O alumno poderá elixir o sistema de avaliación que desexa lle sexa aplicado na materia. Para iso debe optar, nos primeiros 15 días do cuadrimestre, entre avaliación continua (**probos e actividades desenvolvidas ó longo do cuadrimestre**) ou un Exame Final único (100% da nota final).

Para tal fin, habilitarase un contrato que deberá ser asinado por todo aquel alumno que desexe seguir un método de avaliación continua. A firma deste contrato de avaliación é obrigatoria para todo o alumnado. Se algún alumno non asina este contrato enténdese que opta por un exame final único e renuncia á avaliación continua.

O exame final celebrarase na data oficial, e acudirán a el únicamente aqueles alumnos que optasen por este sistema de avaliación.

Na segunda oportunidade (Xullo) realizarase unha proba final que englobará toda a materia vista ao longo do cuadrimestre. A esta proba final, os alumnos que optaron por avaliación continua, só acudirán con aqueles bloques que suspendesen.

Na convocatoria Fin de Carreira realizarase unha proba final que englobará todo o que se ha visto a o longo do cuadrimestre.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta da Facultade para o curso 2020-2021.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

Dávvara Rodríguez Miguel Angel, **Manual de Derecho Informático**, 2015,

Norton Peter, **Introducción a la computación**, 6ª Ed., McGraw-Hill, 2014

García Mexía, Pablo, **Derechos y libertades, Internet y Tics**, 2014,

Guillén Catalán, Raquel (coord.) Plaza Penadés, Javier (dir.) Vázquez de Castro, Eduardo (coord.), **Derecho y nuevas tecnologías de la información y la comunicación**, 2014,

#### **Bibliografía Complementaria**

Pérez Villa, Juan Diego, **TEXTO IMPRESO Guía visual de introducción a la informática**, 2014, Anaya Multimedia,

Artemi Rallo Lombarte (Coordinadores), Ricard Martínez Martínez, **Derecho y Redes Sociales**, 2010,

Ana I. Herrán (coord.), Aitziber Emaldi Cirión (coord.), Marta Enciso (coord.), **Derecho y nuevas tecnologías**, 2012,

Palomar Olmeda, Alberto Vázquez Garranzo, Javier, **La factura electrónica en la actividad de las Administraciones públicas Su impulso tras la Ley 25/2013 de 27 de diciembre**, 2014,

Lázaro Domínguez, Francisco, **Introducción a la informática forense**, 2015, Ra-Ma,

Marion AGÉ, **Seguridad informática - Ethical Hacking**, 3ª, ENI, 2015

---

### **Recomendacións**

#### **Outros comentarios**

1. Como soporte á docencia, utilizaranse plataformas de aprendizaxe virtual.
2. É conveniente que o alumno active a conta de correo electrónico que lle proporciona a Universidade de Vigo.
3. Realización do curso virtual organizado pola Biblioteca no marco do convenio UniCI2 "Coñece a Biblioteca e aprende a buscar, avaliar e utilizar a información", que ten como obxectivo que o estudante adquira os coñecementos básicos para buscar, analizar, seleccionar e organizar a información de maneira eficiente, así como utilizar e comunicar a información eficazmente de forma ética e legal.

---

### **Plan de Continxencias**

#### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen  
Todas.

\* Metodoloxías docentes que se modifican  
Ningunha.

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

As titorías realizaranse, preferentemente, por medios telemáticos: correo electrónico ou a través do despacho persoal do profesorado no campus remoto da universidade, dentro do horario de titorías do profesorado (publicado na páxina web do centro). Será necesario contactar previamente co profesorado por correo electrónico para fixar a hora da titoría (para evitar a espera ao alumnado).

\* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir  
Non se modifican os contidos.

\* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe  
Facilitarase ao alumnado, a través de documentos on-line ou enlaces web, a través da plataforma Faitic.

\* Outras modificacións  
Non procede.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Tanto no caso da docencia mixta como da docencia non presencial, a avaliación realizarase a través de medios telemáticos, aplicando os mesmos criterios de avaliación descritos na guía docente para a docencia presencial.

---